



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Historia

Curso Académico: Curso 2023-2024

■ [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)

■ [Cumprimento do proxecto establecido](#)

■ Dimensión 1. A xestión do título

■ [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)

■ [Criterio 2. Información e transparencia](#)

■ [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)

■ Dimensión 2. Recursos humanos

■ [Criterio 4. Recursos Humanos](#)

■ [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)

■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe

■ [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)

■ [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)

■ [Modificacións do plan de estudos](#)

■ [Listaxe de evidencias e indicadores](#)

■ Plan de Melloras

■ Abertas Curso 2019-2020

■ [Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe](#)

■ Finalizadas Curso 2019-2020

■ [Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe](#)

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Historia
Mencións/Especialidades	---
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	---
Centro responsable	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Xeografía e Historia
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	---
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	11/03/2015

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

A valoración do curso 2023-2024 é globalmente positiva, agardando a transición cara ó novo grao (BOE 17/12/2024).

O interese académico do título queda claramente reflectido polos positivos datos da matrícula. Dende o curso 2012-2013 o número de prazas ofertadas (INO1G) era de 100, que se viñan cubrindo na totalidade, polo que se aumentaron a 110. Tamén o número de estudantes matriculados nun curso académico (INO2G) reflicte unha imaxe positiva, dado que os 463 alumnos no 2020-2021 supuñan un lixeiro aumento de dez alumnos con respecto ao curso anterior, no 2021-22 medraron ata 473 no 2022-23 481 e o pasado 487. Deles o 3,29% eran estudantes procedentes de programas de intercambio (IN18G). Os datos do curso analizado amosan unha tendencia a alza que reflicten tamén outros indicadores, como a matrícula de novo ingreso por preinscripción (INO4G), que pasou de 107 no 2019-2020, 111 no 2020-21, 106 no 2021-22, 112 no 2022-23 e 113 no pasado.

A matrícula de acceso (INO3G) amosa unha tendencia estable con lixeira tendencia á alza, con 117 alumnos no 2023-24 (112, 111 e 113 nos tres cursos anteriores), deles 113 por PAAU (INO4G).

A taxa de variación da matrícula de novo ingreso por preinscripción (INO5G) rompía hai dous cursos a tendencia á melloría iniciada o curso 2018-19, situándose no -6,19, pero para os cursos posteriores non se nos facilitou ese dato. O título nos últimos tempos foi incrementando a nota media de acceso por preinscripción (INO6G), que no 2019-20 foi de 10,23, no 2020-21 do 11,19, no 2021-22 do 11,22, no 2022-23 practicamente repetiu cun 11,17 e no pasado descendeu a 10,88. A porcentaxe de alumnos que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6 (INO7G) segue sendo do 100%, reforzando así a tendencia desenvolvida nos últimos cinco cursos.

A captación de alumnado móvese en parámetros positivos, tal e como revela o indicador IN10G, de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas, que no 2020-21 foi do 109, no 2021-22 descendeu ata 99, hai dous cursos foi de novo de 109 e o pasado de 95,45, o que se cadra se pode explicar en parte polo aumento do número de prazas en 1º. O IN12G ou nº de estudantes de novo ingreso por preinscripción dividido entre as prazas ofertadas amosa a seguinte tendencia: 107 no 2019-20, 111 no 2020-21, 106 hai tres cursos, 112 hai dous anos e 102,73 o pasado.

Todos estes datos fan posible afirmar que o título mantén o seu interese académico e unha alta demanda, por canto os alumnos galegos acceden ao mesmo con notas cada vez máis altas e ocupan todas as prazas dispoñibles. Polo que se refire á porcentaxe de estudantes extranxeiros sobre matriculados (INO8G), que no 2020-21 acadaba o 0,86 no 2021-22 subiu ata o 1,06, no 2022-23 volveu baixar (0,42) e o pasado acadou o 1,03; claramente localízase aquí unha das fontes de captación de alumnado na que profundar no futuro. A evolución é similar para a porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre matriculados (INO9G), que ven mellorando nos últimos cursos, sempre en parámetros moi modestos: 1,46 no 2022-23 fronte ao 0,43 no 2020-21 e no 2021-22 o 0,86. No curso pasado quedou en 1,03, casualmente o mesmo que o número de estranxeiros.

O interese do título tamén é consecuencia do seu axuste as necesidades da profesión regulada, como demostra a porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22G), que no curso 2019-20 foi dun 70%. No 2020-21 as circunstancias da pandemia fixeron que esa porcentaxe se desplomase ata o 14,81, xa que bastantes institucións coas que a facultade ten convenios se viron afectadas polas medidas sanitarias impostas, e no 2021-22 comezou a recuperarse ata o 29,73. No 2022-23 e 2023-24 segue a tendencia, cun 52,38 e 52,21 respectivamente, aínda por debaixo dos niveis pre-pandemia.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación, en tanto que non houbo modificación algunha durante o curso 2023-2024

O número de créditos ECTS a superar para obter o título sigue sendo de 240, divididos en catro anos, tratándose dunha modalidade de docencia presencial, deixadas xa atrás as adaptacións ás que obrigou a pandemia no seu momento.

Fonte:

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=12651&estudio=12652&codEstudio=12253&valor=9>

O desenvolvemento das actividades académicas correspóndese co establecido no programa oficial e na memoria de verificación, na que figuran 45 asignaturas do grao de Historia máis o Traballo Fin de Grao. Destas materias 10 son de formación básica, 24 obrigatorias e 11 optativas organizadas en dous itinerarios: por unha banda, o itinerario de “Economía, sociedade e institucións”, e pola outra o de “Cultura, ideoloxía e institucións”.

Fonte: <https://www.boe.es/boe/dias/2010/03/05/pdfs/BOE-A-2010-3681.pdf>

As metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación correspóndese co establecido na memoria de verificación e permiten a consecución das competencias, tal e como pode comprobarse no programa das respectivas materias, no que figuran as correspondentes competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación.

Fonte: <https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/programas.html?plan=12651>

O tamaño dos grupos é axeitado ás actividades formativas. A media de alumnos por grupos de teoría foi no curso 2021-22 de 61,8, sendo no 2022-23 de 61,59 e no pasado medrou ata o 69,28 (IN55G). Nas materias optativas pasouse de 24,18 en 2019-20 a 47,82 no 2020-21, 38,36 no 2021-22, 40,36 hai dous cursos e 43,27 no pasado (IN56G). A media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32G) mostra unha evolución estable, co 26,82 do 2019-20 para subir a 31,32 no 2020-21, 28,99 2021-22 e 29,44 no 2022-23.

Polo referido á participación do alumnado en programas de mobilidade, cabe sinalar que no curso 2019-20 se rompeu a tendencia á alza de anos anteriores na porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G), evidentemente por mor das circunstancias derivadas da crise do Covid-19. En concreto no caso do Grao de Historia representaron unicamente o 2,43% sobre o total de matriculados cando no curso 2018-19 foran o 3,83. No 2020-21 o % seguiu baixando, ata o 2,38, pero para o curso 2021-22 pódese falar dun efecto rebote co 4,44. No 2022-23 baixou perto do nivel previo con 2,7% e no 2023-24 ficou no 3,29%. Sobre os alumnos que participan en programas de mobilidade sobre os matriculados non temos datos dende 2018, cando era do 2,47 (IN17G), pero os indicios van na liña dunha recuperación como mínimo dese nivel. O indicador da porcentaxe de egresados participante en programas de intercambio introduciuse este curso (IN54G) e foi do 23,3%

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao de Historia impártese nun único centro da Universidade, a Facultade de Xeografía e Historia, e nunha única modalidade, a presencial, contando con prácticas externas.

A coordinación horizontal entre as súas asignaturas parte dos coordinadores de materia, que son nomeados polo Consello de Departamento cando unha asignatura ten máis dun profesor asignado. A súa responsabilidade é garantir a homoxeneidade dos contidos, dos sistemas de avaliación e das actividades docentes, ademais de comprobar o grao de cumprimento da programación docente da asignatura e informar dos resultados acadados ao coordinador do curso.

A coordinación horizontal complétase cos coordinadores de curso, que son nomeados polo Decanato a proposta da Comisión do Título, e teñen como misión coordinar a actividade docente entre os distintos profesores dun mesmo curso e facer o seguimento do desenvolvemento da programación das materias do mesmo. Tamén son os responsables da actividade desenvolvida a través das aulas virtuais de coordinación dos respectivos cursos.

Pola súa banda, a coordinación vertical do título garántese mediante a Comisión Permanente, que é a encargada de supervisar a adecuación da programación impartida ao plan de estudos vixente, evitando posibles baleiros e duplicidades entre materias. A súa actividade pode seguirse a través da páxina web do centro <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordoscomision.html>.

Finalmente, existe un coordinador de Grao, nomeado polo Decanato previo acordo do Consello de Departamento, que é a persoa encargada de elaborar o informe anual de seguimento do título, ocupándose tamén de supervisar as actividades de coordinación e do mantemento da aula virtual de coordinación de grao. Mediante o campus virtual recolle suxestións e queixas do estudantado, difunde actividades culturais, avisos de tipo administrativo ou sanitario, etc.

Fonte: http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/xeohistoria/descargas/sqic/coordinacion_actividad_docente.pdf

As prácticas externas contan cun coordinador propio, para o curso ó que se refire este informe o profesor Xosé M. Sánchez Sánchez, que é o encargado, en colaboración coa Comisión de Prácticas Académicas, da distribución do alumnado entre as institucións colaboradoras, da designación dos tutores académicos entre o profesorado con docencia no título e da organización das actividades recollidas no programa das PAE. Fonte: <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Reglamento-de-Practicas-Externas.pdf>

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao de Historia non esixe formación previa específica de ingreso, aínda que se recomenda que a formación do alumno sexa de perfil humanístico. Fonte: <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=12651&estudio=12652&codEstudio=12253&valor=9> Na práctica o perfil dos alumnos axústase ao nivel requerido para iniciar os estudos e o progresivo incremento da nota media de acceso por preinscrición que se ten producido nos últimos anos reforza a idoneidade do alumnado matriculado.

Polo demais, o grao de Historia participa da política xeral de acceso á Universidade dunha serie de colectivos previamente definidos: ademais dos alumnos que realizan as PAAU, alumnos procedentes de FP2/Módulos Profesionais/Ciclos formativos de Grao Superior, Titulados Universitarios, Maiores de 25 anos, Maiores de 40 anos, persoas con discapacidade e deportistas de alto nivel. Fonte: <http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/drispra.html>.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao de Historia aplica a normativa xeral da Universidade destiñada a regular os tipos de matrícula, o réxime de permanencia e o de convocatorias. Fonte: <http://www.usc.es/gl/normativa/estudiantes/index.html>. Tamén a normativa de avaliación do rendimento académico, que regula a avaliación ordinaria, o procedemento de avaliación, e os de revisión e reclamación das cualificacións. Neste último caso o Decanato é o responsable de nomear as correspondentes comisións de reclamacións, que resolven atendendo ás alegacións e partindo dos materiais proporcionados polos profesores das asignaturas correspondentes.

Fonte: <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/resavarenacaestrevcua11.pdf>

A aplicación desta normativa contribúe a eficiencia nos resultados do título, tal e como demostran diversos indicadores, como a taxa de éxito (IN35G), que no curso 2021-22 foi do 89,79, do 91,46 no 2022-23 e no pasado aínda máis alta (92,82). Queda así claramente por enriba da media da USC e da área de Artes e Humanidades.

Tamén a taxa de avaliación (IN36 G) mostra unha evolución moi positiva, chegando ao 92,95 no curso pasado (93,21, 94,71, 91,7 e 92,03 nos inmediatamente anteriores).

A taxa de graduación (IN37G), que acadara un nivel moi alto no curso 2019-20 (72), desplomouse no 2020-21 ata o 49,48 e volveu medrar ata o 67,37 no 2021-22, o 64,21 no 2022-23 e o 64,65 no 2023-24, ao tempo que baixaba a taxa de abandono dos estudos desde o 13 do 2019-20 e o 20,62 do 2020-21 ata o 12,63 do 2021-22, 10,53 no 2022-23 e repuntou no 20,2 no pasado, un indicador preocupante que esperemos non se prolongue (IN41G).

A taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) fora do 6,32 do 2019-2020 e o 2020-21. Nos cursos 2021-22 e 2022-23 experimentou un lixeiro repunte (7,07 e 7,55) e no pasado descendeu ó 5,77.

Polo que atinxe á duración media dos estudos (IN 38G), no 2021-22 foi de 4,62, case idéntica ó curso previo cando foi de 4,61 anos, e no 2022-23 baixou ata 4,45. No curso pasado medrou de novo lixeiramente (4,65).

Estes datos complementáanse cos bos resultados derivados da aplicación das normativas propias do título, como a dos traballos fin de grao, que define os seus contidos, atribúe á Comisión de Calidade do centro as competencias para establecer os seus procedementos de elaboración e fixa a súa valoración. O réxime de matrícula esixe que para a presentación do TFG será requisito necesario ter superados 234 créditos ECTS.

Fonte: <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeahistoria/descargas/Regulamentotro-TFG-Grao-en-Historia.pdf>

Polo referido aos seus resultados, cabe sinalar que :

No 2020-21 defendéronse 81 tfg, todos eles aprobados, con 2 con 6.00 ou inferior (2,4%) e 67 con nota 8.00 ou superior (82,7%). Defendéronse 81 de 116 traballos matriculados (69%). No 2021-22 defendéronse 74 tfg de 111 matriculados (66%), todos eles aprobados. No 2022-23 defendéronse 84 de 138 matriculados (61%), todos eles aprobados, tres con 6 ou menos e 68 con oito ou máis. No 2023-24 foron 138 os tfg matriculados dos que se presentaron 112 (81%), todos eles aprobados, 11 deles (9,8%) con 6 ou menos e 79 (70%). Lembrouse dende o decanato ós titores que no caso de defensa perante eles mesmos (e non perante comisión) a nota máxima era un 8 pero iso non equivalía a que fose a cualificación automaticamente concedida, posto que sucedía así en moitos casos case por defecto.

Fonte: https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeahistoria/descargas/Resultados-2018_19.pdf

Outra das normativas propias do título é a das prácticas externas, xa que conta cun reglamento que fixa os seus obxectivos, regula a súa xestión a través da correspondente Comisión, os dereitos e deberes dos titores académicos, dos titores das institucións e dos alumnos. Na titulación de Historia as PAE desenvólvense no segundo cuatrimestre do último curso e supoñen un total de 6 créditos optativos ECTS. O regulamento tamén fixa os criterios de distribución do alumnado e regula os informes de seguimento das PAE por parte dos titores das institucións e a memoria final das prácticas que deben elaborar os alumnos.

Fonte: <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeahistoria/descargas/Reglamento-de-Practicas-Externas.pdf>

A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións (IN22G) foi do 70% no curso 2018-2019 e lixeiramente superior no 2019-20 (70,37%), o que demostra que as prácticas manteñen o seu interese entre o alumnado da titulación. No 2020-21 non se levaron a cabo pola pandemia e no 2021-22 foi do 29,73, o que amosa que aínda queda moito treito para recuperar a situación previa. Todas as partes involucradas teñen unha visión positiva das PAE, como revelan os resultados das enquisas para os cursos no que están dispoñibles, que non é o caso do que se analiza neste autoinforme.

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeahistoria/descargas/Grao-en-Historia.pdf>

DIMENSION 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relativa ao Grao de Historia pode atoparse na súa páxina web, na que figuran os aspectos da titulación que poidan interesar ao seu alumnado, a futuros estudantes e ao público en xeral. Así, conta con información detallada sobre o programa de estudos (obxectivos, competencias, programacións, horarios, criterios de calidade) e todos aqueles aspectos que permitan ao estudantado un adecuado coñecemento do seu proceso de formación. Esta información despregase nun cadro de novidades e outro de convocatorias e é renovada periodicamente, atendendo aos aspectos que xeneran maior atención do alumnado, como as Prácticas Académicas Externas, que resultan de especial interese para os alumnos dos últimos cursos. Fonte: <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/index.html>

A páxina tamén dispón de información sobre aqueles programas deseñados expresamente para a captación de alumnos, como o programa “A ponte entre o ensino medio e a USC”, organizado mediante charlas de profesores dirixidas á alumnos de bacharelato nos seus centros de ensino, información completada cunha presentación multimedia e con orientacións sobre o procedemento de matrícula, que tamén está dispoñible na web do centro.

Fonte: <http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/>.

Unha vez matriculados, os novos estudantes contan dentro do Programa A Ponte coa figura de alumnos tutores, que lles facilitan a súa integración na Universidade. Fonte: <http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/cursotutores.html>

Outra forma de difusión é a que se fai no momento en que os estudantes xa se atopan na titulación, e que se pode consultar na web do centro.

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/xeohistoria/descargas/sgic/tutoria_orientacion_estudiante.pdf

Os alumnos de primeiro curso, na semana inicial da actividade académica, teñen unha sesión informativa cos responsables da titulación, que figura no seu horario oficial e serve para explicar os requisitos mínimos para a superación da carreira, as infraestructuras do centro e o seu funcionamento (programas de intercambio, programa DAN...).

Tamén os alumnos de último curso teñen unas xornadas específicas sobre orientación profesional, cuxa información publícase na web do centro, que inclúe información sobre os distintos masters impartidos no centro.

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Xornadas_Profesionais_2015.pdf

Para afondar na política de información e transparencia na web do centro infórmase dos acordos adoptados pola Comisión Permanente. Fonte: <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordoscomision.html>

O mesmo ocorre cos acordos adoptados pola Xunta da Facultade, que contan cun apartado específico na mesma web.

Fonte: <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordosxunta.html>

Como consecuencia desta política informativa, a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible é notable e o seu indicador experimentou un incremento no curso 2018-2019 con respecto ao anterior, pasando do 2,94 do período 2017-2018 ao 3,03 do curso 2021-22. Non se nos proporcionou ese dato para os dous cursos pasados pero queda obviamente marxe de mellora (IN23G).

DIMENSIÓN 1. A XESTION DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

O Grao de Historia ten como marco de funcionamento o sistema de garantía de calidade da USC, que aínda que comeza no curso 2010-11, aos poucos se ha ir adaptando e simplificando (Modificación dos indicadores e informes disponibles, Manual simplificado) á realidade dos estudos universitarios que se ofrecen na Universidade compostelana. Máis en concreto, o Grao de Historia, áchase sometido ao Sistema de garantía da calidade da Facultade de Xeografía e Historia, centro co que se vincula a titulación. Este sistema, conformado polo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos, foi modificado e aprobado pola Comisión de Calidade do Centro, a Xunta de Facultade e a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno en decembro de 2019.

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Manual-simplificado-do-SGIC-do-centro-2020.pdf> ;

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Manual-de-procesos-e-procedementos-do-SGIC-do-centro-2020.pdf>

Estes sistemas permiten recoller e analizar a información necesaria para identificar e detectar as fortalezas e debilidades do título, así como realizar accións de mellora e o seguimento dos diferentes procesos adoptados.

Xunto con estes documentos garanten que todos os procesos referentes ao título se realicen de forma homogénea, de tal xeito que se podan integrar con facilidade sistemas de mellora nas diferentes accións, ou detectar posibles problemas que se den no marco do funcionamento cotidian do Grao.

Valoración:

Dispónse dun sistema de garantía de calidade que evolucionou, simplificándose e adaptándose á realidade da Universidade e que foi implantado de forma progresiva.

Nestes momentos queda pendente de realización o Plan Estratéxico, en espera do deseño do novo da USC, así como a Mención de calidade da Facultade, o que implicaría un paso máis, ao tempo que facer unha simplificación do proceso, para acadar e garantir a calidade do propio centro e dos estudos que nel se imparten.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación,

modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

A valoración sobre a aplicación do SIGC é moi positiva xa que o sistema como se indicou, permite a detección de problemas, así como un seguimento real das diferentes medidas a adoptar para unha mellora efectiva do Grao de Historia, así como a revisión e actualización, en caso de ser necesario dos diferentes procedementos cos que se actúa nel ou dos diferentes actores que participan nela

Pero esta cultura de calidade que é unha realidade nos títulos da Facultade de Xeografía e Historia e, en concreto no Grao de Historia, se vai adaptando e simplificando coa elaboración de nova documentación que desde finais de 2019 entra en funcionamento.

Valoración:

A valoración sobre a implantación do SIGC é positiva, xa que o mantemento dunha serie de procesos no título, mellorou o seguimento do mesmo, á vez que as accións de mellora que non pódense implantar. A marxe de mellora está na baixa participación de alumnado e profesorado á hora de responder ás enquisas, malia os esforzos dende o decanato nese sentido.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: A cultura de calidade está perfectamente arraigada na Facultade de Xeografía e Historia da que depende o título, arraigo que contribúe a entender a frecuente actualización de documentos relacionados con este proceso. Neste aspecto tamén se pode sinalar como positiva a creación do Comité Consultivo Externo.

Un aspecto que debe dar lugar a reflexión é o índice de Satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade, que pasou do 3,67 do curso 2018-2019 (IN15G) ó 4,51 do 2020-21 (no curso previo non houbo debido á Covid). No 2021-22 descendeu a 3,42 e o pasado foi de 3,29, o que para o programa erasmus podemos especular que se debe en parte ós cambios na unificación dos procedementos administrativos a escala europea. En canto ó índice de Satisfacción xeral dos egresados (IN42G) coa titulación, mantense en bo nivel, sempre mellorable: 3,67 no 2019-20, 3,39 no 2020-21, 3,32 no 2021-22, 3,6 no 2022-23 e 3,34 no 2023-24.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: O profesorado está altamente cualificado, como reflicten algúns indicadores básicos, en particular a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o total con docencia no título (IN24G), que no curso pasado supuxo un 97,44% do total, medrando dende o 95,24% do anterior, e aínda máis sobre os cursos anteriores (2021-22 no 92,68 e 2020-21 91,67%), o que mostra a existencia dun cadro docente con capacidade de investigación e estable, cunha porcentaxe de PDI funcionario (IN26g) elevada do 77,78% nos dous cursos anteriores, uns vinte puntos sobre a media da USC. A porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI Total (IN25G) chegara ó 100%, quince puntos máis que a media da USC, hai catro cursos pero hais tres cursos baixou ó 97,87, hai dous 97,78 e o pasado exactamente a mesma porcentaxe por mor dalgũa xubilación. O 6,85% participou no 2019-20 en programas de mobilidade, o dobre que no 2018-19, non se dispón de datos máis recentes. Ademais de altamente cualificado, o profesorado da titulación é suficiente para atender ao estudantado. Na media de alumnos por grupo de docencia interactiva acádase nos dous cursos pasados un rexistro de 30,52, un leve incremento sobre os anteriores (29,44 e 28,99) vs 22,5 de media da USC (IN32G). Pola súa banda, para o número de alumnos por grupos de teoría (IN31G) o derradeiro dato dispoñible era para o curso 2017-18 (53,81) (IN31G), mentres no caso das materias optativas eran 47,82 no 2020-21, 28,99 no 2021-22, 40,36 no 2022-23 e 43,27 no 2023-24 (IN56G). A ratio alumnos/profesor a tc (in30G) era de 9,4 no curso 2015-16, o dato máis recente que temos. A cualificación do profesorado explica o resultado das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G), do 3,81 no 2019-20, medrando no 2020-21 ata o 4,03, 4,01 no 2021-22, 4,26 no 2022-23 e 4,27 no 2023-24.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O personal de apoio que participa no título é suficiente para atender as necesidades do mesmo. Está composto, tal e como figura na web do centro (datos para o curso 2022-23), por doce membros entre os que recaen as funcións de apoio e de xestión administrativado centro (personal de servicio 4; persoal de decanato.- 2; persoal de administración nos departamentos.- 3; persoal de xestión económica.- 2), complementándose este personal co que desenvolve a súa actividade na Biblioteca daFacultade, no que realizan a súa labor tanto personal técnico como auxiliar (12 membros)

(Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/pas.html>)

Tamén é importante neste apartado ter en conta os datos reportados pola satisfacción dos egresados cos serv icios, nos que se produxo unha importante melloría entre o curso 2016-2017, cando era de 3,34, e o curso 2017-2018, cando ascendeu a 3,97, situación que se mantén durante o curso 2018-2019 (3,94) (IN33G), último dato disponible.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión:

A docencia do Grao desenvólvese na Facultade de Xeografía e Historia, edificio que reúne, malia tratarse dun edificio histórico, as condicións adecuadas para a impartición do mesmo. É esta condición de inmueble histórico o que leva a limitar as accións de mellora, sempre necesarias nas instalacións docentes, xa que nestes momentos estase desenvolvendo o plan director para a súa rehabilitación e xestión integral.

O edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo ten un ascensor que comunica as plantas principais e permite salvar os espazos e as diferenzas de accesibilidade.

O edificio dispoñen de 19 aulas e 8 seminarios (<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/infraestructuras.html>). Todos eles están dotados de sistemas de videoconferencia multipunto, ordenador e cañóns de proxección múltiple, proxección dixital, conexión a internet e conexión wifi. Así mesmo cóntase cun laboratorio, un aula de Cartografía, dúas aulas de informática (57 postos), un laboratorio técnico de prehistoria, un aula do Master en Historia Contemporánea. Todas estas instalacións complementáanse coa existencia de salas de traballo en grupo e de traballo individual.

Tamén conta cunha importante biblioteca (<https://www.usc.gal/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/xeohisto/>), que consta de 315 postos na sala de lectura e 40 na sala de traballo en grupo. tal e como se manifesta nos Recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria, que no curso 2023-24 incrementáronse en 771 monografías entre impresas e electrónicas

quedando os fondos conformados por 113.661 monografías, 2.109 vídeos e DVD, 806 mapas e 1.816 documentos noutros soportes como fotografías, microformas, rexistros sonoros, CD-ROM e música anotada. En relación ás publicacións periódicas, ten 3.065 títulos de revista impresos coa subscripción pechada e 100 títulos en curso de recepción. Deles, 36 títulos ingresan por subscrición e 64 por doazón ou intercambio.

; Fonte.- Informe Biblioteca da Facultade). Hai que engadir loxicamente a posibilidade de contar co apoio das bibliotecas de outros centros e dos servizos centrais (<https://www.usc.gal/gl/servizos/biblioteca/>).

Xunto con estas infraestructuras e recursos, tamén é necesario indicar neste apartado os servizos disponibles na facultade para que os alumnos podan realizar as prácticas académicas externas en diferentes institución para os que se asinan mais de cuarenta convenios con diversas institucións o empresas de Galicia (<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Convenios-de-practicas-externas-2019.pdf>)

Do mesmo xeito que no ítem anterior, tamén é conveniente sinalar o crecemento do indicador de Satisfacción dos egresados cos servizos, nos que se superan os catro puntos sobre un total de cinco (IN33G) pero faltan datos actualizados ó respecto dende 2019.

Valoración:

A valoración de recursos materiais, infraestructuras e servizos con que conta o Grao de Historia é altamente positiva, xa que é fruto dun proceso continuado dende a súa creación, e aínda que nos últimos anos sufriu un pequeno retroceso a consecuencia, da crise económica aínda que non lle afectou tanto como a outros sectores universitarios.

Boa proba de esta valoración positiva é o ítem da Satisfacción dos egresados cos servizos, xa comentado no apartado 4.2.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Os resultados da aprendizaxe son satisfactorios, por canto a taxa de rendemento (IN34G) do grao de Historia chegara no curso 2019-2020 ao seu máximo ata o momento co 90,47%. Sen embargo no 2020-21, probablemente polas circunstancias da pandemia, retrocedeu ata o 82,97 e no 2021-22 non mellorou (82,34). No 2022-23 acadou o 84,17 e no 2023-24 o 86,27. En consonancia con esta situación, a taxa de éxito (IN35G) tamén empeorou no 2020-21, pasando do 96,01 no curso 2019-2020 ó 89,2, no 2021-22 medrou só lixeiramente (89,79), no 2022-23 chegou ó 91,46 e no 2023-24 a 92,82 confirmando a tendencia positiva.

Finalmente, a taxa de avaliación (IN36G) no 2019-20 era do 94,71, no 2020-21 do 93,21, no 2021-22 do 91,7, no 2022-23 92,03 e no pasado seguiu medrando ata o 92,95.

No mesmo sentido, é importante considerar tamén a positiva evolución dos resultados dos TFG, tal e como se indicou no apartado 1.5.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os indicadores de demanda son positivos, destacando entre eles a evolución xeral da matrícula, por canto nos últimos cursos o grao de Historia tivo niveis de matrícula superiores aos 450 alumnos, con lixeiras variacións duns anos a outros, situándose no curso 2023-24 en 487 alumnos (INO2G).

A matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN04G) sitúase en 113, fronte a 106, 111, 107 e 112 nos cursos precedentes. Así mesmo, o título mantén unha nota media de acceso por preinscripción de 10,88 (IN06G), contra 11,22 11,18 e 11,17 nos precedentes, o que demostra que segue sendo unha carreira atractiva para o alumnado, de tal maneira que a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6 é do 100% (IN07G-PC-05).

Os indicadores de resultados son en xeral positivos. A taxa de éxito (IN35G) acadou un máximo no 2020-21 o 89,02, no 2021-22 o 89,79, no 2022-23 o 91,46 e no 2023-24 medrou ata o 92,82. A taxa de graduación experimentara unha clara melloría no curso 2019-2020 ata un 72, pero en cambio no 2020-21 caeu ata o 49,48 vs 62% na USC en conxunto. No 2021-22 recuperouse ata o 67,37 pero no seguinte volveu baixar ó 64,21 e no 2023-24 invertiu a tendencia cun 64,65 (IN37G). En consonancia con esta situación, tamén evoluiu a taxa de abandono dos estudos (IN41G), que no 2018-19 se situou no 16,04, no 2019-20 no 13, no curso 2020-21 no 20,62 e no 2021-22 baixou ata o 12,63, tendencia que se prolongou 2022-23 (10,53) pero non no pasado (20,2). A taxa de éxito dos egresados rexistra unha situación en xeral estable, partindo (IN50G) dun 92,81 no 2020-21, un 94,13 no 2021-22, 94,35 no 2022-23 e 92,94 o pasado. En canto á taxa de idoneidade na graduación, que fora de 46 no 2019-20 caeu ata o 34,02 no 2020-21, no 2021-22 do 41,05, no 2022-23 do 50,51 e no pasado 66,98 (IN51G). A taxa de rendemento dos egresados (IN53G) era dun 89,39 no 2020-21 e subiu ata o 91,01 no 2021-22 e 92,3 no 2022-23 pero no pasado baixou ó 89,78. Mentres tanto, da eficiencia dos titulados non podemos aventurar a tendencia posto que non se nos facilitan datos dende o 92,15% do ano 2014-2015 (IN39G).

En conxunto case todos os indicadores deste apartado son máis positivos que a media da USC, agás a taxa de graduación e a media de alumnos na docencia interactiva.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os índices de satisfacción dos diversos grupos de interese do grao de Historia son en conxunto positivos. Así, o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación está dende 2012-2013 por enriba do 3. No 2020-21 foi do 3,39, baixando lixeiramente (3,32) no 2021-22, 3,6 hai dous cursos e 3,34 no pasado (IN42G). Estase tentando incentivar a resposta ás enquisas por distintos medios. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida amosa unha imaxe favorable. No curso 2018-2019 chegou ó máximo ata o momento, un 4,08 (IN46G). No 2019-20 baixou ó 3,81, no 2020-21 foi do 4,03, no 2021-22 do 4,01 e do 4,26 e 4,27 nos dous últimos cursos. A satisfacción do profesorado coa docencia impartida tamén amosa unha boa evolución, por canto no curso 2019-20 era de 3,86 (IN47G), no 2020-21 3,75 e nos tres últimos cursos 4,1 (respondendo apenas un terzo do profesorado aínda que en tendencia ascendente). Un dato preocupante é a evolución da taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia: era no 2020-21 do 32,55, do 34,89 no 2021-22, o 18,16 no 2022-23 e conseguíuse elevar ó 49,19 o pasado (IN48G). Semella haber de fondo unha falta de confianza en que a opinión expresada teña reflexo práctico, o que limita dun canal fundamental de comunicación co alumnado. Os programas de mobilidade, pola súa banda, mostran un grao de satisfacción en descenso dos estudantes saíntes, que era no 2020-21 do 4,51, e nos dous cursos pasados (non hai datos para o 2021-22) foi do 3,42 e o 3,29 (IN15G). Resulta rechamante o grao de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas, que acadou un 5 hai tres cursos, 4,32 hai dous e 4,72 no pasado (IN19G). Non hai datos recentes para os títos profesionais (IN20) pero si para os académicos: 4,51 (IN21). As PAE no 2023-24 foron realizadas por 50 alumnos (catro máis que o curso anterior), aínda que non dispoñemos de datos desglosados das calificacións.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dispoñemos unicamente de datos para a cohorte 2013-14, e polo tanto nula posibilidade de análise diacrónica e discutible representatividade para o momento actual.

e con
19
fra
ble
a
e
aior

<u>3.MODIFICACIONES DO PLAN DE ESTUDOS</u>	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E 1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E 2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E 3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E 4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	https://www.usc.gal/gl/centros/xeoistoria/programa_materias.html
1,3	E 5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF

1	E 6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E 8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501097_P.Ind_2018-2019
			2501097_INF.16_2018-2019
			2501097_INF.CiUG_2018-2019
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en	2501097_P.Ind_2018-2019
			5075_INF.03_2019-2020

		programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	
2	E 9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	https://www.usc.gal/gl
			https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia
			https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=12651&estudio=12652&codEstudio=12253&valor=9
3	E 1 0	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/sgic.html
3	E 1 1	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Desemño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante,	https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/sgic.html

		Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E 1 2	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/sgic.html
3,7	E 1 3	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501097_P.Ind_2018-2019
			2501097_INF.04_2018-2019
			5075_INF.05_2018-2019
			2501097_INF.06_2018-2019
			2501097_INF.07_2018-2019
			2501097_INF.08_2018-2019
			2501097_INF.09_2018-2019
			5075_INF.10_2018-2019
			5075_INF.11_2018-2019
			2501097_INF.13_2018-2019
			2501097_INF.14_2018-2019
			5075_INF.21_2018-2019
			2501097_INF.22_2018-2019
			2501097_INF.23_2018-2019
			2501097_Informe_de_indicadores_2018-2019
3	I5	Resultados	2501097_P.Ind_2018-2019

		dos indicadores que integran o SGC	2501097_Informe_de_indicadores_2018-2019
4	E 1 5	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501097_E15_2018-2019
4	E 1 6	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5075_E16_2018-2019
4	E 1 7	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da	5075_I6-I7_2019-2020

		universidade e en actividades formativas específicas	
4	18	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501097_INF.13_2018-2019
			2501097_INF.14_2018-2019
4	110	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5075_I10_2018-2019
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	https://www.usc.gal/gl/centros/xeahistoria/infraestruturas.html
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	https://www.usc.gal/gl/centros/xeahistoria/
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF

5	I1 1	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E 2 2	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E 2 4	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E 2 5	Informes/lista xe das calificacións de cada unha das materias do título	2501097_INF.15_2018-2019
6	E 2 6	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E 3 0	Informe/docu mento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I1 2	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As	2501097_P.Ind_2018-2019
			2501097_INF.17_2018-2019
			2501097_INF.18_2018-2019

		taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimiento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501097_INF.19_2018-2019
			2501097_INF_SIIU_2018-2019
			2501097_Informe_de_indicadores_2018-2019
7	I1 3	Relación da oferta/deman da das prazas de novo ingreso	2501097_P.Ind_2018-2019
			2501097_INF.CiUG_2018-2019
			2501097_Informe_de_indicadores_2018-2019
7	I1 4	Resultados de inserción laboral	2501097_EIL-SIIU_2018-2019 2501097_EIL-ACSUG_2018-2019
1,4, 5	I1 5	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,... .)	2501097_P.Ind_2018-2019 2501097_Informe_de_indicadores_2018-2019 2501097_MedUSC_2018-2019

Á partir da situación xerada pola COVID-19, realizáronse unha serie de adaptacións e modificacións no desenvolvemento dos estudos do Centro coordinadas pola Comisión do Sistema de Garantía de Calidade e das respectivas de Comisión de Calidade dos Títulos. Estas decisións tiveron que seguir o marco de referencia xeral da USC (resolucións reitorais, Protocolo COVID nas súas sucesivas versións) en concordancia coas decisións das autoridades. As medidas afectaron á modificación de programacións e calendarios e os criterios de avaliación de tfg e tfm. Unha delas mantívose unha vez recuperada a normalidade, en concreto a introdución da defensa do tfg ante titor, que agora é unha opción para os estudantes que o desexen (aínda que cunha nota máxima limitada ó 8). A experiencia da forzosa adaptación ás circunstancias creadas pola pandemia obrigou ó profesorado, pas e estudantes a unha adaptación que no longo prazo derivou nalgunha consecuencia positiva unha vez superada tal conxuntura. En concreto unha maior familiaridade dos recursos dixitais ou o manexo de canais alternativos á presencialidade cando o requiran casos específicos.

ACCIÓN: GXH-I

Sistema de xestión Facultade de Xeografía e Historia

Finalización do proceso previsto Permanente

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Miguel Cabo Villaverde

Responsables do seguimento Comisión de Calidade do Centro

Análise da(s) causa(s) Desconexión dos tfg e tfm coa dinámica do grao

Descrición da proposta Información a través do campus virtual do calendario de defensa dos tfg e dos tfm dos master en Historia para que, como actos públicos que son, se facilite a asistencia dos estudantes de grao. Dese xeito, ademais de gañar experiencia para cando teñan que expoñer eles mesmos os resultados dos seus traballos no seu debido tempo, estarán ó tanto da investigación levada a cabo na facultade nos temas máis próximos ós seus intereses persoais.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida	
GXH-I.I – Información a través do c.v. das datas de defensa e títulos dos traballos de tfg e tfm	Miguel Cabo Villaverde	Activa		3

Acta da Comisión Académica e de Validacións do 8 de maio de 2024

En Santiago de Compostela, na Facultade de Xeografía e Historia da USC, ás 13 horas, reuniuse a Comisión académica e de validacións coa seguinte

Orde do día:

1. Lectura, e aprobación se procede, da acta da reunión anterior
2. Solicitudes de recoñecemento de créditos.
3. Validacións
4. Solicitudes de dispensa de asistencia.
5. Solicitud de cambio de grupo
6. Asuntos urxentes e de trámite
7. Rogos e preguntas

Acta da reunión ordinaria da Comisión de Docencia e Calidade do Centro do 17 de novembro de 2023, celebrada ás 13:00 horas en segunda convocatoria na Aula 9 da Facultade de Xeografía e Historia coa seguinte

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Informe do Decano.
3. Proposta, e aprobación se procede, das solicitudes de co-tutorizacións dos TFG, curso 2023-2024.
4. Solicitud aos departamentos dos tribunais dos TFG, curso 2023-2024.
5. Informe sobre o inicio da preparación do Plan Estratéxico do centro, 2024-2026.

6. Informe sobre a proposta do novo Mestrado en Ordenación territorial e urbana e cambio global.
7. Informe sobre a proposta do novo Mestrado en Xestión da Arte e do Patrimonio Cultural.
8. Informe sobre a proposta do novo Mestrado en Urban Cultures.
9. Proposta, e aprobación se procede, do procedemento de comunicación de novos contratados.
10. Asuntos urxentes e de trámite.
11. Rolda aberta de intervencións

Acta da reunión extraordinaria da Comisión de Docencia e Calidade do Centro do 24 de novembro de 2023, celebrada ás 12:30 horas na Aula 11 da Facultade de Xeografía e Historia e a través da plataforma Teams.

Punto único: proposta e aprobación, se procede, das modificacións non substanciais dos seguintes títulos:

Acta da reunión ordinaria da Comisión de Docencia e Calidade do Centro do 15 de decembro de 2023, celebrada ás 13:00 horas en segunda convocatoria na Aula 11 da Facultade de Xeografía e Historia coa seguinte

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.
2. Informe do Decano.
3. Proposta, e aprobación se procede, dos tribunais dos TFG, curso 2023-2024.
4. Informe sobre Recurso de Alzada concernente o mestrado de Historia Contemporánea e solicitude de Informe a Comisión Académica do citado mestrado.
5. Proposta, e aprobación se procede, da programación dos espazos previstos para os diferentes usos do centro.
6. Proposta, e aprobación se procede, da Declaración de intencións definitiva do novo Mestrado en Xestión da Arte e do Patrimonio Cultural.
7. Proposta, e aprobación se procede, da Declaración de intencións definitiva do novo Mestrado en Ordenación territorial e urbana e cambio global.
8. Proposta, e aprobación se procede, da Declaración de intencións definitiva do novo Mestrado en Urban Cultures.
9. Proposta, e aprobación se procede, da modificación da Planificación de Reunións da Comisión de Docencia e Calidade e da Xunta de Facultade, curso 2023-2024.
10. Asuntos urxentes e de trámite.
11. Rolda aberta de intervencións

Acta da reunión ordinaria da Comisión de Docencia e Calidade do Centro do 13 de marzo de 2024, celebrada ás 13:00 horas en segunda convocatoria na Aula 5 da Facultade de Xeografía e Historia coa seguinte

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Informe do Decano.
3. Proposta, e aprobación se procede, dos criterios para a elaboración dos horarios do curso 2024-2025.
4. Presentación do calendario de actividades de calidade, curso 2023-2024.

5. Presentación da previsión de gasto da Facultade para o exercicio económico do ano 2024.
6. Asuntos urxentes e de trámite.
7. Rolda aberta de intervencións

Acta da reunión extraordinaria da Comisión de Docencia e Calidade do Centro do 9 de abril de 2024, celebrada ás 13:00 horas na Sala de Profesores da Facultade de Xeografía e Historia e a través da plataforma Teams.

8. **Punto único:** Proposta, e aprobación se procede, da Memoria do título de máster en Xestión da Arte e do Patrimonio Cultural.

Acta da reunión ordinaria da Comisión de Docencia e Calidade do Centro do 7 de maio de 2024, celebrada ás 13:00 horas en segunda convocatoria na Aula 15 da Facultade de Xeografía e Historia e a través da plataforma Teams coa seguinte

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.
2. Informe do Decano.
3. Proposta, e aprobación se procede, dos informes de seguimento dos títulos do centro.
4. Presentación do proceso de elaboración da memoria de calidade e do plan de melloras anual do centro.
5. Presentación do calendario das programacións docentes, curso 2024-2025.
6. Proposta, e aprobación se procede, da modificación do calendario académico do Máster en Desafíos das Cidades.
7. Proposta, e aprobación se procede, da modificación do calendario académico do Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.
8. Proposta, e aprobación se procede, do informe previo dunha proposta de TFM do tipo proxecto de investigación e/ou intervención con seres humanos, as súas mostras e os seus datos.
9. Asuntos urxentes e de trámite.

10.

REUNIÓN ORDINARA DA COMISIÓN DE DOCENCIA E CALIDADE

Día: 29 de maio de 2024

Hora: 11:30 horas en 1ª convocatoria, 12:00 horas en 2ª convocatoria

Lugar: Aula 15

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Informe do Decano.
3. Situación de acampada no Centro e acordos a adoptar.
4. Situación do depósito de libros e acordos a adoptar.
5. Informe dos programas das materias, curso 2024-2025.
6. Proposta, e aprobación se procede, da Memoria de Calidade, curso 2022-2023, e do Plan de melloras anual do centro, curso 2023-2024.
7. Presentación do informe de incidencias, curso 2023-2024.
8. Revisión das accións de captación.
9. Revisión e actualización do Programa de Acción Titorial.
10. Asuntos urxentes e de trámite.
11. Rolda aberta de intervencións

Acta da reunión ordinaria da Comisión de Docencia e Calidade do Centro do 1 de xullo de 2024, celebrada ás 11:30 horas en segunda convocatoria na Aula 15 da Facultade de Xeografía e Historia coa seguinte

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Informe do Decano.
3. Proposta, e aprobación se procede, do calendario de Traballos Fin de Grao, curso 2024-2025.
4. Proposta e aprobación, se procede, das liñas temáticas de TFG, curso 2024-2025.
5. Proposta, e aprobación se procede, do calendario de PAE, curso 2024-2025.
6. Proposta, e aprobación se procede, do calendario de exames, curso 2024-2025.
7. Planificación de xuntanzas da Comisión de Docencia e Calidade e da Xunta de Facultade, curso 2024-2025.
8. Informe e Consulta sobre o Regulamento de Traballos de Fin de Máster.
9. Asuntos urxentes e de trámite.
10. Rolda aberta de intervencións.

Acta da reunión da Comisión académica e de validacións da Facultade de Xeografía e Historia da USC, do día 21 de setembro de 2023

O 21 de setembro de 2023, ás 13 horas, reuníase a Comisión académica e de validacións da Facultade de Xeografía e Historia da USC, na sala de profesores, coa asistencia das seguintes persoas:

Orde do día:

1. Lectura, e aprobación se procede, da acta da reunión anterior
2. Solicitudes de recoñecemento de créditos
3. Validacións
4. Solicitude de dispensa de asistencia.
5. Solicitude de cambio de grupo
6. Asuntos urxentes e de trámite
7. Rogos e preguntas

Acta da Comisión académica e de validacións da Facultade de Xeografía e Historia celebrada o 19 de outubro de 2023

Na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, o 19 de outubro de 2023 reúnese a Comisión académica e de validacións, ás 13 horas.

A orde do día foi a seguinte:

1. 1. Lectura, e aprobación se procede, da acta da reunión anterior
2. 2. Solicitudes de recoñecemento
3. 3. Validacións
4. 4. Solicitude de dispensa de asistencia.
5. 5. Solicitude de cambio de grupo
6. 6. Asuntos urxentes e de trámite
7. 7. Rogos e preguntas

Acta da reunión da Comisión Académica e de Validacións celebrada o 24 de xaneiro de 2024 na Facultade de Xeografía e Historia

Orde do día e desenvolvemento da reunión

1. Lectura, e aprobación se procede, da acta da reunión anterior
2. Solicitudes de equivalencia de título
3. Solicitudes de dispensa de asistencia
4. Solicitudes de cambio de grupo

5. Asuntos urxentes e de trámite
6. Rogos e preguntas

Acta da Comisión Académica e de Validacións da Facultade de Xeografía e Historia, celebrada o 9 de febreiro de 2023

En Santiago de Compostela, na Facultade de Xeografía e Historia, ás 12 horas do 9 de febreiro de 2023 reuniuse a mencionada comisión na aula 9 da Facultade, coa asistencia das seguintes persoas:

1. Lectura, e aprobación se procede, da acta da reunión anterior
2. Equivalencia de títulos
3. Solicitudes de dispensa de asistencia.
4. Solicitudes de cambio de grupo
5. Asuntos urxentes e de trámite
6. Rogos e preguntas

ACTA DA COMISIÓN ACADÉMICA E VALIDACIÓN. REUNIÓN DO 8 DE MARZO DE 2024 FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na facultade de Xeografía e Historia da USC, o 8 de marzo de 2024 reúnese a Comisión Académica e de Validacións, coa asistencia de Antonio Míguez Macho, Teresa Vázquez Barbazán e Miguel Pazos Otón.

A continuación detállase a orde do día e os puntos tratados.

1. Lectura e aprobación da acta anterior
2. Solicitud de recoñecemento de créditos
3. Validacións
4. Solicitud de dispensas de asistencia
5. Asuntos urxentes e de trámite
6. Rogos e preguntas

Acta da Comisión Académica e de Validacións do 8 de maio de 2024

En Santiago de Compostela, na Facultade de Xeografía e Historia da USC, ás 13 horas, reuniuse a Comisión académica e de validacións coa seguinte

Orde do día:

8. Lectura, e aprobación se procede, da acta da reunión anterior
9. Solicitudes de recoñecemento de créditos.
10. Validacións
11. Solicitudes de dispensa de asistencia.
12. Solicitud de cambio de grupo
13. Asuntos urxentes e de trámite
14. Rogos e preguntas